

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015475	O Ribeiro	Ribadavia	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV11	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3044	Amovibles	2023/2024	7	208	249

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA RODRÍGUEZ TEJADA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Na comarca do Ribeiro os alumnos teñen como saída laboral maioritariamente os talleres de mantemento de vehículos lixeiros, talleres de reparación de vehículos industriais, e mantemento de maquinaria forestal, tendo tamén a posibilidade de traballar en tendas de recambios do automóbil, e en prantas de reciclaxe de automóviles.

Os alumnos deberan acadar coñecementos sobre:

- Partes e maquinaria dun taller e as súas ferramentas
- Desmontar, montar e substituír elementos amovibles simples dun vehículo.
- Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental, en tódalas accións e traballos no taller
- Respectar as normas de convivencia e trato correcto entre compañeiros e co mestre

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Normas de prevención e ambiental	Normas de seguridade. Equipamentos de protección individual. Dispositivos de máquinas para a seguridade activa. Protección ambiental. Reciclaxe de residuos. Directivas de residuos e de envases.	25	10
2	Desmontaxe de pezas e acesorios	Identificar os tipos de carrozarías, tipos de unións e a súa desmontaxe	75	30
3	Operación de desmontaxe e montaxe de gorcementos e do conxunto	Tipos de guarnecidos, mecanismos de peche e elevación, desmontaxe e montaxe	75	30
4	Reparación e substitución de vidrios	Lunas templadas, laminadas, danos e reparación	74	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Normas de prevención e ambiental	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplícanse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.1.e) Contidos

Contidos
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directivas de residuos e de envases.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Desmontaxe de pezas e accesorios	75

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de materiais de carrozaría (aceiro, aluminio plástico, etc.) coa técnica de unión utilizada
CA1.2 Relacionáronse os tipos de unións recoñecendo as súas características en función dos métodos utilizados
CA1.3 Relacionáronse os accesorios susceptibles de ser substituídos co tipo de carrozaría e as súas características estruturais
CA1.4 Realizouse con destreza a substitución de elementos amovibles exteriores da carrozaría coas ferramentas e cos utensilios propios para cada caso, e xustificouse a técnica utilizada
CA1.5 Comprobouse que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.6 Realizouse a substitución de accesorios básicos do automóbil, aplicando os pares de aperto establecidos e segundo as recomendacións de fábrica
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.8 Igualouse a peza substituída coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas por fábrica
CA1.9 Comprobouse a calidade do traballo realizado e corríxironse as anomalías detectadas

4.2.e) Contidos

Contidos
Constitución xeral dun vehículo.
0Paragolpes: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Teitos solares e capotas.
Accesorios.
Unións desmontables, roscadas, remachadas e pegadas.
Cintas adhesivas e placas insonorizantes.
Unións articuladas.
Outras unións.
Portas: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Capós: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Portón traseiro e tapa do maleteiro.



Contidos
Aletas dianteiras.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Operación de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto	75

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionouse o tipo de gornecemento coa posición e os elementos que protexe
CA2.2 Relacionáronse todos os elementos que se fixan sobre o gornecemento co seu funcionamento básico e a súa unión a este
CA2.3 Realizáronse operacións de desmontaxe de gornecementos aplicando os elementos de unión adecuados (roscaxe, grampaxe, pegado, etc.) e seguindo as normas establecidas por fábrica
CA2.4 Relacionáronse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas coa súa función e coas súas prestacións no proceso de desmontaxe de gornecementos
CA2.5 Desmontouse ou substituíuse a lámina impermeabilizante e as placas insonorizantes da porta coa precaución requirida e segundo as normas establecidas por fábrica
CA2.6 Relacionouse o tipo de pechamento (mecánico, eléctrico, pneumático, etc.) coas súas características, cos elementos que o compoñen e coa súa situación no vehículo
CA2.7 Realizouse o proceso de desmontaxe da pechadura segundo os procedementos e as precaucións establecidas por fábrica
CA2.8 Realizouse a desmontaxe do elevador de cristais identificando o tipo de mecanismo de accionamento, as súas características construtivas e as precaucións que haxa que ter en conta á hora de montar o cristal
CA2.9 Executouse a fixación do cristal segundo as especificacións de fábrica e de xeito que se asegure a calidade de funcionamento
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

4.3.e) Contidos

Contidos
Gornecementos: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Mecanismos de pechamento e elevación.
Pechamentos.
Elevadores de cristais: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Reparación e substitución de vidrios	74

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Repara e substitúe cristais pegados ou calzados no vehículo, aplicando o proceso adecuado e as instrucións específicas de fábrica	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse o tipo de cristal montado no vehículo co seu tipo de ancoraxe ou mediante a serigrafía correspondente ao datos de homologación, describindo as súas características principais
CA3.2 Realizouse con destreza o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais calzados, segundo os procedementos establecidos e en condicións de seguridade
CA3.3 Realizouse con habilidade o proceso de desmontaxe dos cristais pegados, elixindo os procedementos adecuados e a ferramenta máis conveniente
CA3.4 Realizouse con destreza o despegamento de elementos adheridos ao cristal (espello retrovisor, sensores, etc.)
CA3.5 Relacionáronse os elementos construtivos coas técnicas de desmontaxe empregadas (coitelo térmico, corda de piano, etc.)
CA3.6 Limpáronse adecuadamente e cos medios estipulados as zonas que vaian estar en contacto, e aplicáronse os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita
CA3.7 Seleccionáronse os produtos adecuados segundo os materiais que se vaian unir, tendo en conta as características de cada un e segundo as especificacións prescritas por fábrica
CA3.8 Colocouse o cristal sobre o marco do vehículo, gardando a homoxeneidade cos elementos adxacentes e segundo as cotas especificadas por fábrica
CA3.9 Realizouse a reparación de cristais laminados, identificando o tipo de dano que cumpra reparar, utilizando as resinas adecuadas e seguindo os procedementos prescritos, asegurando unha reparación de calidade
CA3.10 Comprobouse a calidade da reparación e corríronse as anomalías detectadas
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude e precisión, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

4.4.e) Contidos

Contidos
Cristais temperados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Cristais laminados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Reparación de cristais laminados.
Tipos de danos.
Técnicas de reparación.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES

- Seguridade persoal e mediambiental
- Orden e limpeza no posto de traballo
- Desmontaxe de pezas e accesorios.
- Recoñecemento dos tipos de unións e ferramenta para a súa desmontaxe
- Desmontaxe e montaxe de gornecementos.
- Sustitución de cristais .

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ter superadas as unidades formativas cunha nota igual ou superior a 5 puntos, para obter na media das catro unidades formativas unha nota de 5 puntos ou superior.

Procedementos de avaliación para cada unha das unidades formativas.

Criterios de cualificación: Sobre un total de 10 puntos

Contidos CONCEPTUAIS.....ata...4 puntos

Esquemas resumo do tema, probas escritas ou proxectos de cada unidade didáctica

Contidos PROCEDIMENTAISata...4 puntos

Na resolución individual e/ou en grupo de supostos prácticos relacionados cos contidos valorar:

- Resultado final do montaxe ou da práctica.
- Autonomía, habilidade e destreza para a realización das prácticas propostas .
- Precisión para efectualas nos diferentes supostos prácticas .
- Tempo empregado na realización do/s suposto/s práctico/s.

Cada incumprimento das normas de seguridade restará, da nota deste apartado, 0.5 puntos.

Contidos ACTITUDINAIS.....ata...2 puntos

Valorar tendo en conta:

- O traballo individual ou en grupo realizado.
- Exercicios ou das fichas de traballo propostas.
- Limpeza, recollida das ferramentas e do material utilizado.

Non realizar as prácticas ou os exercicios propostos a diario, non recoller as ferramentas, non recoller os materiais utilizados, non entregar os exercicios ou fichas de traballo propostas restará, da nota deste apartado, 0.5 puntos por cada incumprimento ata un máximo de 3 puntos.

Para superar unha avaliación os contidos conceptuais e procedimentais deben acadar por separado un mínimo do 40% respectivamente.

A avaliación será continua, perdendo dito dereito si o alumno ten un número de faltas de asistencia a clase igual ou superior ó 10% das horas do módulo (25). No caso de perder a avaliación continua para superar o módulo será preciso acudir a un sistema de avaliación extraordinario, punto 6. b.

O alumnado con PD no caso de que as actividades realizadas no taller entrañen perigo para o alumno, ou para os seus compañeiros de aula, poderáselle impedir a súa realización a estes alumnos buscándolles outras alternativas nas que traballar.

A acumulación de faltas de asistencia, xustificadas ou non, por parte do alumnado, correspondentes ó 20% da duración total do módulo profesional, implicará a perda de dereito á avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación terán como obxecto conseguir que o alumnado que non vaia o ritmo do curso teña posibilidades para acadar os mínimos exixibles que se recollen nas diferentes unidades didácticas. Estas faranse de acordo as necesidades de cada alumno/a, e poderán ser de tipo práctico ou teórico.

Dentro das unidades engadiranse actividades de reforzo, para lograr os obxectivos fixados dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. A estas actividades engádense outras de reforzo atendendo á diversidade do alumnado, tanto pola diferenza de actitudes individual como pola diferenza no proceso de aprendizaxe.

Aqueles alumnos que non acadaron eses mínimos: Realizaranse as súas correspondentes adaptacións curriculares, durante o mesmo período de tempo, mais sinxela ou con outra metodoloxía e outra secuenciación, de tal xeito que o alumno/a sexa capaz de acadar os contidos mínimos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que teñan perdido o dereito a avaliación continua, (o 10 % das horas de cada módulo), someteranse a unhas probas extraordinarias no mes xuño.

A data da proba porase no taboleiro de anuncios do centro, con suficiente antelación.

Dita proba será feita según os criterios de cualificación existentes na programación. Constará de dúas partes:

1ª Contidos conceptuais (de toda a programación) proba escrita. Valoración 5 puntos.

2ª Contidos procedimentais (de toda a programación) probas prácticas. Valoración 5 puntos.

Ademais o alumno para ser avaliado satisfactoriamente terá que superar ó menos co 50% da nota cada un dos apartados anteriores, neste caso a nota final será a suma dos dous apartados. . No caso de que nun apartado supere o 40% da nota e a suma dos dous apartados supere os cinco puntos a nota será de cinco, con notas inferiores o 40% nun apartado o alumno será avaliado negativamente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O sistema de avaliación destas materias debe ser inicial, formativa e final. Inicial, para saber os coñecementos dos alumnos e as súas capacidades, ó mesmo tempo, que poder detectar posibles deficiencias e poder solucionarlas desde o principio que se plantexen. Formativa e continua, para observar os procesos de aprendizaxe dos alumnos e poder ofrecer o apoio pedagóxico oportuno, atendendo á diversidade de

alumnado. Deste xeito o profesor tamén pode modificar as estratexias do ensino-aprendizaxe ó longo do proceso, prodúcese un efecto de retroalimentación, aválíase o proceso da programación mesma. É o momento oportuno para facer cambios de metodoloxía, instrumentos e recursos didácticos, modificacións na temporalización programada.

Final, para coñecer o grao de dominio de obxectivos e contidos, e poder valorar os resultados da aprendizaxe e o seu proceso.

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente que se repartirá o finalizar cada avaliación.

Observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solucionando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso estudarase o nivel co que accede o alumno en canto a actitudes, capacidades e coñecementos básicos; isto permitirá que o proceso de ensino-aprendizaxe adquira o carácter individualizado que require este curso, e que se fagan explícitas as adaptacións e apoios que precise o alumnado. Os resultados quedarán recollidos no expediente académico do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para a recuperación realízase un repaso dos conceptos e prácticas consideradas fundamentais: selección e interpretación da documentación técnica e unha proba escrita.

Repetición das prácticas onde o alumno encontrou dificultades.

Tomando especial atención as normas de seguridade e medio ambientais.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Fomentar a relación e convivencia pacífica entre toda a comunidade do curso alumnos entre si e estes cos profesores.

Fomentar a tolerancia e intentar comprender os argumentos dos demais.

Transmitir motivación, entusiasmo e ganas de adquirir coñecementos.

Buscar a maior autonomía e iniciativa dos alumnos.

Traballar en equipo, tratando de sumar as potencialidades de cada membro do grupo.

Valorar o esforzo e responsabilidade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Serán programadas polo departamento de Automoción

10. Outros apartados

10.1) Adecuación do proceso de avaliación

Para o adecuado desenvolvemento telemático do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como para a correcta comunicación alumnado-docente durante o mesmo, empregaranse tanto a Aula Virtual do IES así como outras ferramentas virtuais.

Adecuación do proceso de avaliación:

No caso de que algunha UD se desenvolva por completo de xeito telemático, modificaranse os procesos e ferramentas de avaliación, e os criterios de cualificación previstos, asignándolles á produción de traballos e a participación a 100% da nota.